



O programa de inmersión lingüística activa Spring Week desenvolverase de acordo co obxectivo e características que se especifican a continuación:

1. O obxectivo principal deste programa é proporcionar ao alumnado participante unha actividade de inmersión lingüística activa en lingua inglesa que lle permita desenvolver actividades comunicativas nesta lingua, nunha contorna de comunicación real, ao mesmo tempo que aprofundan en coñecementos relevantes doutras áreas e materias do currículo do seu nivel e etapa educativos. Así mesmo, contará con actividades que fomenten a actividade física, a socialización e o coñecemento cultural cunha metodoloxía adecuada ó seu nivel e etapa educativos.

2. O contido deste programa inclúe actividades académicas, de tempo libre e obradoiros cuxa finalidade é promover a convivencia entre o alumnado e a motivación pola comunicación en lingua inglesa, facendo uso de medios tecnolóxicos que favorezan a devandita aprendizaxe.

3. A metodoloxía será activa, lúdica e cooperativa e promoverá aprendizaxes significativas por parte do alumnado, incidindo na educación en valores democráticos e nos aspectos relacionados coa sostibilidade e o coñecemento da contorna, segundo se recolle nos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030. (Energías renovables, produción e consumo responsable, cidades sostibles, acción polo clima).

Estas actividades realizaranse en réxime de internado nun centro residencial situado na Comunidade Autónoma de Galicia, en quendas semanais de domingo pola tarde ata o sábado seguinte pola mañá (do 4 ao 10 de xuño de 2023). Todas as actividades son gratuítas para o alumnado. As familias só se farán cargo dos desprazamentos do alumno/a ata o lugar de celebración.

Durante o tempo que dure o programa, o alumnado estará acompañado dun profesor/a do centro.

Para darlle esa oportunidade ao noso alumnado, dende o centro vaise tramitar a solicitude correspondente para poder optar ás 25 prazas que se ofertan para cada centro educativo. Dado que o número de prazas supera ao número de alumnos que están matriculados en 6º de EP, precisamos que aqueles alumnos/as que estén interesados en participar en dito programa, fagan a solicitude correspondente a través das titoras. O prazo para poder facelo remata o vindeiro luns, 17 de outubro ás 12:00h. No caso de que nos veña concedida dito programa de inmersión, e haxa máis solicitudes que as prazas ofertadas, realizarase un sorteo entre o alumnado.

Recíbide un cordial saúdo.

O director